

ACTA DE REUNIÓN da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Data:	30/05/2023	Hora:	21:00
Lugar:	https://meet.google.com/grt-ehzv-pva		

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela		X
Pablo A. Aller Estévez	Responsable O-pé	Trevinca		X
José Cabaleiro Vila	Responsable MTBO	BudiñoRaid	X	
Manuel Pedre Vázquez	Responsable Raids	Gallaecia		X
José A. Ricoy Bugarín	Responsable Trail-O	Aromon	X	
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros		X
Candela Puime López	Responsable Deporte Escol.	VigOrienta	X	

ORDE DO DÍA

- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior**

Apróbase a acta da Xunta Directiva do mes anterior por unanimidade dos presentes.
- Aprobación cambio de ubicación sprint Baiona-Torroña**

Debido a que o Concello de Baiona, non autoriza a celebración do sprint que se ía celebrar no seu concello, é necesario cambialo de ubicación ao Concello de Gondomar.
Apróbase o cambio de ubicación por unanimidade.
- Entrega de documentación SXD e auditoría**

Toma a palabra a presidenta para indicar que a SXD enviou unha notificación para realizar unha auditoría á FEGADO. Dende a FEGADO enviouse toda a documentación requirida á que ten acceso esta Federación. Quedan pendentes de enviar algúns documentos aos que tan só ten acceso a xestoría coa que traballaba a Xunta Directiva anterior.
- Escolar**

Toma a palabra Candela Puyme para explicar toda a xestión relacionada ata este momento co CESA. A continuación, a presidenta indica que para os participantes do CESA tamén se mercou unha equipación consistente nun pantalón curto e unha sudadeira. Finaliza a presidenta indicando que se solicitou unha subención a FEDO para o aloxamento dos/as corredores/as nese campionato.
- Calendario FEGADO (Petición MTBO nacional)**

Intervén a presidenta para indicar a que a FEGADO falando co secretario xeral da FEDO propuxo facer unha proba nacional MTBO para o vindeiro curso xunto aos clubs que queiran colaborar. Francisco Varela xunto a Ángel Serto propoñen un terreo localizado entre Arzúa e Melide. Adrián do Club Raza Palleira tamén propuxo unha posible zona en Pontevedra. Esta proba solicitouse oficialmente á FEDO hai aproximadamente un mes. O vindeiro sábado día 3 de xuño a Asamblea da Fedo decidirá se realmente se celebrará ou non tal e como se propuxo.
Toma a palabra Claudia para indicar que non está a favor de como se xestionou esta proba co resto dos membros da Xunta Directiva. Está a favor de probas da liga nacional pero cuestionase que clubs van axudar? quen se vai encargarse de organizar a proba? e moito máis tendo en conta que a FEGADO organizar a proba MTBO da liga galega no mes de novembro e que aínda a día de hoxe non se comezou a xestionar.

6. Asamblea FEDO

Intervén a presidenta para indicar que na vindeira assemblea FEDO que se celebrará en Madrid o sábado día 3 de xuño vai defender a realización dunha proba nacional MTBO en Galicia, así como tamén que os/as nenos/as que compiten en MTBO poidan ir entrenar os campionatos mundiais que se celebrarán na República Checa baixo o apoio económico da FEDO.

7. Rogos e preguntas

Comeza a presidenta lembrando que o vindeiro 11 de xuño en Santiago de Compostela celebrárase a Asamblea Xeral Ordinaria da FEGADO.

Toma a palabra Ricoy para preguntar que axudas económicas existen para participar no campionato de España de trail-O. Responde a presidenta indicando que a FEGADO paga a inscrición. No caso das dietas tamén se pagarán pero ao final do ano para poder repartir a partida destinada ás dietas entre todos os/as corredores/as que asistiron a probas nacionais de distintas especialidades.

Continua Ricoy preguntando porque se celebran tan poucas probas nacionais no norte de España, ao cal a presidenta engade que non lle pode responder a esa pregunta porque descoñece o motivo.

Intevén Candela para aclarar as razóns relacionadas co mapa de Oia que posibilitan que o corredor Maikel poida correr esa proba. Aínda que o mapa orixinal foi cartografiado por este corredor no ano 2018, o mapa foi ampliado posteriormente. Ademais o mapa co que se vai a correr na proba do día 3 de xuño foi revisado polo Club Budiño Raid e trazado por Candela, polo que non existiría ningún tipo de limitación para que Maikel non poidera correla.

Ricoy, como xuíz controlador da proba que se celebrará o día 3 de xuño, propón que se cambie a redacción do artigo 29.6 da FEGADO da Normativa O-pé xa que este artigo considera que a persoa que fai un mapa ten unha vantaxe de coñecemento do terreo sobre o resto dos/as competidores/as e polo tanto non podería competir.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta da FEGADO dá por finalizada esta Xunta Directiva sendo as 22:50 h do día antes indicado.

SINATURA

Roberto Amarelle Garabán
Secretario da FEGADO



Vº Bº Sonia Gómez Naya
Presidenta da FEGADO



Lugar e data:

VIGO	,	31	de	MAIO	de	2023
------	---	----	----	------	----	------